

Circular de 7 de xullo de 2026- Triatlón e Muller

Convocatoria Encontro de Menores

***VII Edición do Programa Amazonas- VI Quedada
V Encontro de Promoción Triatlón en Idade Escolar***

Ribeira (A Coruña)

Obxectivo: Promoción do triatlón

Data: 5 de setembro de 2026.

Nº Prazas: 18

Dirixido a:

- Nenas e nenos das categorías alevín, infantil, cadete e xuvenil (nados e nadas entre os anos 2009 e 2017, ambas inclusive): **non federados/as**.
- Deportistas **federados/as**
- Adestradoras con licenza FEGATRI.

Lugar de Celebración: Riveira, Praia de Coroso e arredores.

Inscrición e procedemento: A inscrición será GRATUÍTA.

- **Prazo de inscrición: ata o mércores día 2 de setembro ás 14:00 horas.** Pódense comunicar as baixas ata o peche de inscricións enviando un email a fegatri@hotmail.com. Se un deportista non se da de baixa a tempo, e non acude ao encontro sen causa xustificada, non poderá inscribirse no seguinte encontro.

A listaxe definitiva de inscritas para ambos encontros publicárase na páxina web da FEGATRI (www.fegatri.org) o mércores anterior ao encontro (15 de xullo de 2026).

- **Procedemento de inscrición:**

Participantes:

- **Persoas Federadas:** Formalízase a través da páxina web: www.fegatri.org, dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia.
- **Persoas Non federadas:** mesmo procedemento e a maiores deberán subir documento de protección de datos e DNI.
- **ADESTRADORAS CON LICENCIA FEGATRI:** Formalízase a través da páxina web: www.fegatri.org, dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia.

Outra información: O encontro comezará ás 17.00 horas.

As características específicas da actividade serán detalladas cando se aproxime a data do encontro tras unha decisión técnica atendendo á proba deportiva que se celebrará o vindeiro 6 de setembro neste mesmo lugar.

Para calquera dúbida ou consulta relacionada coa propia inscrición ao encontro, podes contactar: fegatri@hotmail.com.

Para calquera dúbida ou consulta sobre a actividade, podes enviar un correo ao seguinte enderezo electrónico: lidersas-amazonas@fegatri.org

RESPONSABLE TÉCNICA DO ENCONTRO.

- Irene Mera González (Adestradora Responsable do Programa Amazonas da Federación Española de Triatlón).

INFORMACIÓN ADICIONAL: estes encontros Amazonas que se están a celebrar ao longo da tempada funcionan coma un dos criterios de selección para a participación nun encontro Amazonas Nacional representando a Galicia a finais de ano.